



## PRESENTACIÓN

Obxectivos e programas



## I. PRESENTACIÓN

O contido desta memoria reflicte a articulación dos programas e obxectivos de natureza estratéxica incluídos nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021.

Na súa primeira parte analízase o Plan de recuperación para Europa que reúne o marco financeiro plurianual (MFP) e medidas extraordinarias de recuperación..

Recóllese así mesmo a inserción da política de cohesión europea do período 2014-2020 nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2021, mediante as anualidades do FEDER, FSE e Emprego Xuvenil en relación co “Obxectivo de Investimento en Crecemento e Emprego”, así como as relacionadas co “Obxectivo de Cooperación Territorial Europea”. Coa mesma finalidade intégranse nos orzamentos de 2020 a asignación das políticas sectoriais de Desenvolvemento Rural e Marítima e de Pesca do período 2014-2020, a través das anualidades do FEADER e do FEMP, respectivamente.

Nunha segunda parte analízanse as prioridades estratéxicas de gasto poñendo de manifesto as interrelacións existentes entre os programas e as medidas e actuacións do Plan Estratéxico de Galicia fixadas pola acción do goberno.

E finalmente na terceira parte analízase a execución das políticas de gasto contidas nos orzamentos de 2021 e a súa contribución aos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS).

